Retallos de mundo: Tánxer, entre as escumas de dous mares

Poio 25 de outubro de 2026

Xesús Constela

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/retallos-mundo-tanxer-escumas-dous-mares-xesus-constela_522003_102/5593449.html

Hai cidades que, pola súa xeografía e pola súa historia, parecen destinadas a reunir culturas distintas, e **Tánxer** é probabelmente unha das mellores mostras que coñecín, xa que ao percorrer as súas rúas e os seus barrios tiven a sensación de estar a atravesar un territorio no que épocas históricas moi diferentes parecían aínda falar entre si nun espazo relativamente pequeno.

Esta particularidade ten moito que ver coa súa historia recente, xa que entre 1923 e 1956, dada a súa situación tan estratéxica en pleno **estreito de Xibraltar, Tánxer foi declarada "Zona Internacional"**, un territorio cun estatuto especial administrado por varias potencias europeas, unha condición que lle conferiu unha personalidade singular ao favorecer a presenza de diplomáticos, comerciantes, escritores e artistas chegados de lugares moi diversos. Todo isto converteu a cidade nun curioso espazo de intercambio, pero tamén de intereses cruzados, onde convivían linguas, culturas e formas moi distintas de entender o mundo.

A miña descuberta literaria de Tánxer veu da man de dous grandes libros, a novela ***O ceo protector***, publicada en 1949 polo estadounidense **Paul Bowles**, que viviu alí a meirande parte da súa vida, e o fabuloso Pan a secas, do escritor marroquí Mohamed Chukri, dúas obras que ofrecen visións moi diferentes da cidade. Bowles construíu unha imaxe de Tánxer como lugar de tránsito e de fascinación para os seus personaxes, viaxeiros desencantados e perdidos, en tanto que **Chukri** se encargou de describila a través da pobreza, a fame, a prostitución, as drogas e a delincuencia, cunha mirada tan descarnada que o libro estivo prohibido pola censura de Marrocos até o ano 2000, malia que xa aparecera publicado no estranxeiro nunha versión inglesa de 1973.

Tánxer paréceme unha cidade difícil de explicar, xa que tiven en todo momento a sensación de que nas rúas dos seus diferentes barrios se acumulaban voces de épocas moi distintas: as dos comerciantes que chegaban con **especias, seda e ouro,** as dos poderosos gobernadores que controlaban a casba con man de ferro, as dos diplomáticos que representaban potencias estranxeiras, as dos **espías internacionais** que buscaban información, as dos artistas e escritores

que se instalaron nela na procura de inspiración e, por riba de todas, como non, as dos propios tanxerinos que viven, e ás veces simplemente sobreviven, inmersos no que aínda queda desa complexa mestura.

Para facer o primeiro percorrido da miña estancia decidín achegarme á **casba**, a **antiga cidadela fortificada levantada na Idade Media** no punto máis alto da medina, unha localización que me permitiu comprender a importancia estratéxica que tivo este lugar ao longo da historia, xa que dende alí era posíbel dominar un amplo territorio costeiro e, sobre todo, vixiar o estreito de Xibraltar, a gran ruta marítima que comunica o océano Atlántico co mar Mediterráneo.

Percorrer a casba significou internarme nun arrevesado labirinto de calexos e rúas estreitas que subían e baixaban sen un rumbo aparente e, de cando en vez, se abrían ao mar, de xeito que, tras unha esquina, unha escalinata ou unha pequena terraza, aparecía un inesperado miradoiro con vistas ás **costas gaditanas de Tarifa**, tan próximas que case parecían estar ao alcance da man.

Na praza de Al Mechouar, situada no que quizais sexa o punto máis elevado, tiven ocasión de visitar o **Museo das Culturas Mediterráneas**, instalado no antigo Dar el-Makhzen, o **Palacio do Sultán,** do século XVIII, e aseguro que acceder ao seu interior foi como atravesar unha porta que separaba dous mundos contrapostos, por un lado a estreiteza dos buliciosos calexos e por outro a tranquilidade e a amplitude de patios silenciosos, fontes de mármore, mosaicos, madeiras talladas, un relaxante xardín andalusí e unhas salas que **exhibían a historia de Tánxer** a través de vestixios das distintas culturas que pasaron por este extremo de África.

Os meus paseos polas intricadas calellas da medina, que son o verdadeiro corazón da cidade, servíronme para sentir a personalidade da Tánxer máis actual, porque pouco a pouco fun descubrindo rúas, prazas, tendas e pequenos cafés que aínda parecían **conservar algo da vida** que durante séculos se desenvolveu nun lugar polo que pasaron comerciantes procedentes de lugares moi diferentes que non transportaban unicamente mercadorías, senón tamén costumes, historias e formas diferentes de interpretar o mundo, que quizais sirvan para explicar ese **carácter mestizo** que me pareceu percibir.

A través da **porta de Bab el-Fahs**, unha das dez que ten a medina, entrei nunha maraña de rúas, sempre ateigadas de xente, para descender cara ao coñecido como **Zoco Pequeno**, unha praza moi concorrida na que se atopa un dos locais máis famosos de Tánxer, o **Café Tingis**, no que sentei máis dunha vez para gozar da súa terraza e ver o mundo pasar. Este establecemento totalmente carente de luxo, que está en funcionamento dende o ano 1927, serviume tamén para descansar das miñas longas camiñadas mentres degustaba os deliciosos tés verdes con menta que tan ben saben preparar, ás veces acompañados dalgún suculento doce de améndoas.

Dentro da medina resulta moi doado perderse. Unha rúa parece levar a outra e, cando pensas que por fin sabes onde estás, unha nova esquina cámbiache completamente a perspectiva. Pero esa sensación de desorientación tamén me permitiu descubrir pequenos recunchos que pasarían desapercibidos se o trazado das rúas estivese perfectamente organizado, e grazas a iso, entre vivendas, tendas e pequenos obradoiros, puiden descubrir a **Gran Mesquita**, un edificio de muros brancos coroado por un minarete decorado con azulexos verdes, que non puiden visitar pola prohibición de acceso a persoas non musulmás, ou varias sinagogas que lembran a pegada que deixou a comunidade xudía que durante séculos viviu integrada na medina.

Pero tamén fun atopando numerosas construcións de influencia europea, entre elas o histórico **Hotel Continental**, un dos máis antigos de África, levantado fronte á baía en 1870, que coñeceu

tempos mellores e foi un dos moitos escenarios escollidos por **Bernardo Bertolucci** para a adaptación cinematográfica de ***O ceo protector*** de Paul Bowles.

Un dos lugares nos que puiden percibir de preto a vida máis cotiá da cidade foi o **Mercado Central**, situado xunto ao Gran Zoco, a praza que conecta a medina coa parte máis moderna de Tánxer. Coas súas orixes a finais do século XIX, este espazo pareceume un escenario cheo de vida, onde pasado e presente parecían convivir con absoluta naturalidade.

Inmerso nun incesante **balbordo de berros e conversas** entrecruzadas, entendín que era o lugar perfecto para ver a vida pasar entre compradores e vendedores que parecían coñecer a fondo os ritmos dun mundo aparentemente caótico, pero de seguro que perfectamente organizado.

A unha certa distancia da medina, no barrio de Marshan, descubrín outro dos lugares que me pareceron máis emblemáticos de Tánxer: o **Café Hafa**, un local realmente sinxelo fundado en 1921 e disposto en amplas terrazas brancas sobre un cantil que descende suave cara ao mar.

Sentado nunha das súas mesas, cuns cacahuetes e un **vaso de té de menta** diante, resultoume ben fácil comprender por que este lugar acabou convertido nun dos símbolos do Tánxer máis bohemio, pois durante décadas foi un dos puntos de encontro da comunidade artística e intelectual que fixo da cidade a súa casa.

O Hafa, cun fascinante ambiente local, non ten nada de sofisticado nin pretende telo, e o seu encanto reside precisamente na sinxeleza, en sentarse sen présa fronte ao mar, tomar un té e deixar que o tempo pase ao seu propio ritmo. **Que máis se pode pedir?**

Ao regresar ao centro da cidade para dar un vagaroso paseo pola súa gran fachada marítima, a imaxe de Tánxer volveu cambiar, porque xunto ao porto comezaron a aparecer **grandes edificios** de finais do século XIX e comezos do XX, construídos cando a cidade empezaba a medrar máis alá dos muros da medina. As súas fachadas de varios andares, con grandes ventás e balcóns de ferro forxado, parecéronme o exemplo perfecto da influencia das distintas comunidades europeas que foron instalándose na cidade, sobre todo na época da **Zona Internacional.**

Deixei atrás estes edificios para avanzar pola **Corniche**, o longo paseo marítimo cheo de palmeiras, cafés, restaurantes e hoteis, que percorre a costa desde o porto até o moderno barrio de Malabata, e ao final do percorrido por fin cheguei á fascinante praia de Tánxer, que se estende ao longo de varios quilómetros pola baía e que, ao caer a tardiña, cando baixan as temperaturas e as familias saen a pasear, se transforma nun dos lugares máis animados da cidade.

Sentado na area fronte ao mar, pensei que a maneira máis sinxela e ao mesmo tempo máis fermosa de explicar o significado verdadeiro de Tánxer, era dicir que a cidade me parecía efectivamente **nacida entre dúas augas**, entre dous mares e entre dous continentes, un espazo no que as fronteiras nunca conseguiron, e quizais nunca conseguirán, impedir completamente o intercambio.

Ao final da viaxe, comprendín mellor aquelas palabras que escribira **Mohamed Chukri** no seu libro Tempo de erros: **"Entre dúas augas xestouse Tánxer, entre as escuma de dous mares".**

E abandonei a cidade con outra das súas frases na cabeza: "**Soñar con Tánxer!**, Tánxer espida, admirada e transparente coma unha copa de cristal! Tánxer mítica, (...) eco de todas as voces."

©Xesús Constela, 2026